

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DUN SERVIZO DE QUENDA DE GARDA SOCIAL ESPECIALIZADA E PERMANENTE PARA MULLERES E OS SEUS FILLOS E FILLAS MENORES, QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (en adiante COTSG), CIF CIF Q1569016G, representado por Miriam Rodríguez Sierra que actúa en nome e representación do mesmo en virtude do seu nomeamento como Presidenta do Colexio pola xunta de goberno tal e como se reflicte na acta do día 9 de xaneiro de 2018,

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o COTSG ten entre os seus fins Colaborar coas administracións públicas no exercicio das súas competencias, nos termos previstos na lexislación vixente así como exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola administración pública colaborando con ela para o mellor cumprimento dos seus fins.

Segundo.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais

Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

Terceiro.- Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución Española; no Estatuto de Autonomía de Galicia; no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo; e na demais lexislación aplicable na materia.

Cuarto.- Que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón “*a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren*”.

Quinto.- Que o Parlamento Europeo na súa resolución de 1997 (DOC 304 do 06.10.1997) chama a atención das institucións europeas sobre a “*necesidade de realizar accións europeas de tolerancia cero respecto da violencia contra as mulleres*”. Ditas accións inscríbense no marco do seguimento da Plataforma de Pequín de 1995, da vontade da Comisión Europea de integrar a dimensión “xénero” en todas as súas políticas e particularmente no marco dos seus programas específicos, e mais especificamente aos agresores reais ou potenciais, aos nenos e nenas testemuñas da violencia familiar e ás mulleres vítimas de violencia, favorecendo a cooperación entre os distintos axentes, como os servizos públicos e as ONGs, así como a participación activa da sociedade civil.

Sexto.- Que o 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscrición dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga

impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A Proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluían un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avaliase, en materia de violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e os seus fillos e fillas menores, e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se lles proporciona.

Sétimo.- Que a medida 64 e 67 do Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recolle a necesidade de establecer un sistema de acompañamento e de axuda na toma de decisións á mulleres vítimas da violencia de xénero, co fin de evitar a súa desprotección e garantir o dereito á asistencia social integral prevista no artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004, así como o acompañamento na interposición da denuncia nos procesos xudiciais de violencia de xénero, co el fin de reforzar a súa su decisión e asegurar o dereito á asistencia social integral.

Pola súa banda a medida 224 do Informe da Ponencia do Senado de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero recolle a conveniencia de asegurar coas Comunidades Autónomas competentes na materia, un Plan de Acompañamento, Asesoramento ás vítimas e a medida 77 establece a conveniencia de revisar os plans actuais de atención ás vítimas, realizando un seguimento individualizado.

Oitavo.- Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e as e os menores que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, unha atención personalizada e especializada e permanente a través dun servizo de quenda de garda social permanente.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e o COTSG para a posta en marcha dun servizo de quenda de garda social, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero.

A atención terá carácter inmediato para as posibles situacións de urxencia, e prestarase a requirimento das forzas e corpos de seguridade do Estado e/ou por requirimento do xulgado, naqueles casos nos que se cumpran os criterios para a activación deste servizo, que poderá prestarse as 24 horas do día, os 365 días do ano en todos os partidos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Aos efectos de secuenciar as intervencións, apoiar axeitadamente ás vítimas e evitar que se produza descoordinación na atención psico-social en quenda, a intervención da traballadora ou traballador social terá lugar unha vez iniciada e/ou finalizada, de ser o caso, a intervención do/da terapeuta activado, segundo o disposto no Convenio de Colaboración asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e o Colexio

Oficial de Psicología de Galicia, para a posta en marcha dun servizo de quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero.

Segunda.- Obxectivos do servizo

O servizo de quenda de garda social especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero ten como obxectivos:

- Facilitar un servizo de apoio integral, onde as mulleres e menores ou maiores dependentes ao seu cargo, reciben atención en crise, apoio social, tratamento e asesoramento social, e posterior derivación e enlace cos dispositivos especializados.
- Establecer unha intervención individualizada e coordinada coas distintas institucións, que resolva de forma áxil situacións de crise ou necesidades de atención social especializada.
- Facilitar información sobre os recursos e itinerarios de axuda social, económica, asistencial etc., a disposición das vítimas de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Prestar soporte aos centros especializados que estean intervindo coas mulleres vítimas de violencia de xénero para acompañamento e apoio en distintas xestións administrativas ou de outra índole.

Terceira.- Requisitos para as/os profesionais

As/os traballadoras/es que presten o servizo de quenda de garda social especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero serán seleccionados/as entre as persoas colexiadas que cumpran cos requisitos xurídico-administrativos para o exercicio profesional, conforme cos seguintes criterios e pola orde de prioridade determinada polo COTSG:

- Ser traballadora ou traballador social colexiada/o e estar ao corrente do pago das cotas colexiais.
- Ter acreditada formación especializada na área de xénero e violencia de xénero con mulleres e menores impartida polo COTSG para esta fin.
- Poderá ser computable outra formación na área de xénero ou violencia de xénero,

non considerando a cursada na Diplomatura ou Grao de Traballo Social, e deberá proceder da formación regrada, e/ou como docente de formación nas áreas citadas.

- Estar en disposición de poder facturar ou declaración xurada de estalo en caso de incorporación á listaxe que se confeccione para a quenda de garda social especializada e permanente.
- Ter contratado un seguro de responsabilidade civil profesional ou declaración xurada de estalo en caso de incorporación á listaxe que se confeccione para a quenda de garda social especializada e permanente.
- Compromiso de dispoñibilidade de intervención no/s partido/s xudicial/is ao/s que se adscriba.
- Compromiso de asistencia as actividades específicas organizadas polo servizo.
- Non ter sido sancionado/a deontoloxicamente nos últimos doce meses anteriores á entrada en vigor deste convenio.
- Certificado de delitos de natureza sexual.

As e os traballadoras/os sociais entrarán a formar parte da lista para a quenda de garda, tras asinar un compromiso de aceptación das normas de funcionamento, así como un compromiso de actuación que se determinará dende COTSG.

Cuarta.- Entidades derivantes e procedemento de activación

Para os efectos do presente Convenio as entidades derivantes que poden activar o servizo de quenda de garda social especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero son as seguintes:

- Forzas e corpos de Seguridade do Estado radicados en Galicia
- Policía Autonómica e Policía Local de Galicia
- Xulgados con competencias en materia de violencia de xénero

O servizo activarase nos casos de urxencia e en momentos inmediatamente posteriores a terse producido unha situación violenta ou agresiva, de gravidade alta ou extrema, e así valorada pola entidade derivante, e cando non exista no territorio ningún servizo social público de atención, fóra do horario deste, ou cando os servizos do territorio non posúan dispoñibilidade.

O procedemento de activación comenzará cunha chamada ao Teléfono de Información

ás Mulleres, 900 400 273, operativo 24 horas os 365 días ao ano e, sempre que sexa posible en función dos recursos dispoñibles no momento da solicitude. Dende o Teléfono de Información ás Mulleres poranse en contacto coa persoa da quenda de garda correspondente para garantir a presenza inmediata do/da traballador/a social no lugar sinalado pola entidade derivante, sempre que se trate dun caso de violencia de xénero.

Para a activación do servizo, a entidade derivante deberá identificar á persoa que realiza a activación e achegar o consentimento da vítima, segundo o modelo que se determine conxuntamente entre a Secretaría xeral da Igualdade e o COTSG.

Quinta.- Formación

As traballadoras e traballadores sociais do servizo de quenda de garda social, especializada e permanente para mulleres que sofren violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores, deberán cursar as actividades de formación continua que a este respecto se establezan.

Con este fin a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e o COTSG elaborarán conxuntamente os programas formativos mínimos aos que se deberán axustar todos os cursos de especialización que se celebren.

De estimarse oportuno, poderán incorporarse á dita formación as e os profesionais dos centros, oficinas e puntos de información ás mulleres así como outros/as profesionais que estean colaborando coa Secretaría Xeral da Igualdade e co COTSG no tratamento da violencia contra as mulleres e dos seus fillos e fillas menores, sen que a súa participación implique a posibilidade de participar no servizo de quenda de garda social especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores, que sofren violencia de xénero.

O importe que resulte da organización e impartición da formación recollida neste apartado poderá ser imputado ao presente convenio.

Sexta.- Financiamento

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría

Xeral da Igualdade, achegará a cantidade total de **100.000 € (cen mil euros)** con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, de acordo coa seguinte distribución:

- Importe para o servizo de quenda de garda social especializada e permanente e para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero: 72.248€. A cobertura da asistencia será de 70 euros/hora ou a parte proporcional correspondente.
- Importe para tarefas de coordinación: 12.000€
- Importe para tarefas de formación: 11.852 €
- Importe máximo gastos desprazamento: 3.900 €, sempre que o dito desprazamento se produza a unha localidade situada a máis de 20km de distancia da localidade onde reside o/a profesional da quenda de garda activado/a. Os gastos de desprazamento aboaranse a 0,19 euros o quilómetro e, os gastos de autoestrada, de ser o caso, achegando os xustificantes correspondentes.

No caso de que non se esgote a contía asignada ben para a liña “servizo de quenda de garda social especializada e permanente” ben para a liña de “gastos desprazamento”, o remanente poderá destinarse, de ser preciso, á outra liña de gasto, sempre co tope máximo establecido no presente Convenio de Colaboración.

Cando as cantidades establecidas nesta cláusula resulten insuficientes para o financiamento da prestación do servizo de quenda social, e existindo crédito axeitado e suficiente, poderase aprobar unha ampliación da contía mediante a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración, logo dos trámites legais exixidos.

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Sétima.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 30 de novembro de 2020. En ningún caso o custe de

adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Oitava.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación dos gastos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que a desenvolve, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data e un resumo global dos resultados obtidos.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da entidade, na que se relacionen os gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior **e a documentación acreditativa do pagamento, seguindo a orde indicada na relación do punto anterior**. No caso de non achegarse os orixinais, acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación**, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor á previsto na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o **3 de decembro de 2020**.

Novena.- Memoria final

Co obxecto de lograr a máxima eficacia no funcionamento do servizo de quenda de garda social especializada e permanente para mulleres que sofren violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores establecido neste convenio, o COTSG deberá remitirille á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza antes do 31 de xaneiro de 2021:

a) unha memoria final de actuación por cada partido xudicial: na que se recollerán, desglosados todos os servizos prestados, con indicación de:

- Núm. total de solicitudes de intervención

- Núm. de solicitudes de intervención en sede policial (guarda civil)
- Núm. de solicitudes de intervención en sede policial (policía nacional)
- Núm. de solicitudes de intervención en sede policial (policía autonómica)
- Núm. de solicitudes de intervención en sede policial (policía local)
- Núm. de solicitudes de intervención noutros lugares, se fora o caso
- Núm. de mulleres con denuncia previa á intervención
- Núm. de mulleres con denuncia posterior á intervención
- Núm. de mulleres ás que se lle dita orde de protección
- Núm. de menores implicados en cada caso
- Localidades e provincias de procedencia dos casos
- Núm. de persoas atendidas
- Núm. de persoas atendidas que sufran algunha discapacidade
- Núm. de persoas inmigrantes atendidas
- Nome das/dos terapeutas que efectuaron os tratamentos, indicando para cada un deles/delas a localidade, provincia e nº de expedientes que atenderon
- Calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo

b) Unha memoria final de actuación na que se recollerán as experiencias do seu funcionamento, ademais de incluír as conclusións e os criterios de actuación para vindeiros exercicios.

Acompañando á memoria final, remitirase un arquivo electrónico no que figuren os datos de todas as persoas usuarias do programa, segundo o formato consensuado entre o COTSG e a Secretaría Xeral da Igualdade, para os efectos de poder realizar as actuacións necesarias que faciliten e melloren a súa atención integral.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décima.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentárase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregárase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén un sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin un modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilízanse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Décimo primeira.- Notificacións

As notificacións practícanse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda.- Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula cuarta, agás a memoria de actuación.

Décimo terceira.- Reintegro da subvención

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a

minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrárase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

Décimo cuarta.- Compromiso das partes

O COTSG, como entidade beneficiaria da subvención, comprométese a:

- No momento da sinatura do presente convenio de colaboración, o COTSG deberá facilitar unha relación co nome e apelidos, localidade e provincia das/dos terapeutas que integran a quenda de garda social especializada permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero. No caso de que durante o período de vixencia do convenio se produciran baixas ou altas de terapeutas da quenda, estas serán comunicadas inmediatamente á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Así mesmo o COTSG comunicará no prazo de 10 días dende a sinatura do convenio quen é o/a coordinador/a do programa recollido neste convenio.
- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha

remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.

- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral de Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).
- Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregárase a lingua castelán se esta é a elixida pola persoa interesada.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- Comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade

co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Subministrar á Secretaría Xeral de Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Secretaría Xeral de Igualdade.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Décimo quinta.- Compatibilidade

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Décimo sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este

departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo sétima.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo novena.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada, por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola secretaria xeral de Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría, e, por parte do COTSG, pola súa decana ou persoa que dispoña para que o substitúa.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Vixésima.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vixésimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da súa subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

Vixésimo segunda.- Protección de datos

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento Xeral de protección de datos), a entidade Alar-Galicia en calidade de encargada do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en calidade de responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente

convenio.

Vixésimo terceira.- Duración

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2020.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado, no lugar e data indicados.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

A PRESIDENTA DO COLEXIO OFICIAL
DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

P.D. (Orde do 29 de decembro de 2017)

A SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

Susana López Abella

Miriam Rodríguez Sierra